



Foi aprobada polo pleno do Parlamento de Galicia o pasado 17 de outubro

PROXECTO DE LEI DE MODIFICACIÓN DA LEI DE CAZA DE GALICIA

O Parlamento de Galicia ven de aprobar por unanimidade de tódolos grupos parlamentarios a modificación da Lei de Caza de Galicia, en vigor desde 1997.

O acordo adoptado consiste na reforma de 11 artigos dos existentes e na incorporación de dous novos artigos.

Esta modificación reforma –entre outros- o artigo 23, que ven demandando a Federación, cazadores e responsables das Sociedades desde o pasado ano trala entrada en vigor da nova Lei estatal de Tráfico e Seguridade Vial. Neste senso cabe lembrar que a Lei, antes da súa reforma, responsabilizaba aos titulares dos tecores dos danos producidos pola fauna cinexética, e que supoñía un elevado custo económico para as sociedades de cazadores, ao tempo que non era concordante coa Lei de Seguridade Vial.

Coa nova redacción, a responsabilidade por danos en accidentes de tráfico remítese á normativa estatal de Seguridade Vial, na que os danos persoais e patrimoniais causados por atropelo de especies cinexéticas co que os titulares dos tecores unicamente serían responsables no caso de demostrarse unha mala xestión por parte dos mesmos ou durante a acción de cazar.

A nova reforma, tamén amplía a 25 anos –a Lei anterior contemplaba 15- o prazo máximo de cesión dos dereitos cinexético a favor dos tecores de nova creación ou naqueles casos nos que se teña que renovar a súa cesión.

Como novidade, a Lei recolle as probas de detección de alcohol e drogas, no caso daqueles cazadores que exercendo este deporte se atopen con síntomas de estar baixo estes efectos.

Tamén establece que as granxas cinexéticas solo poderán comercializar caza viva, nunca morta, ao tempo que se clarificarán as zonas de seguridade que establece o Regulamento da Lei, e por último regularase o control da taxidermia.